

BORRADOR ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE ELECCIÓN DE ALCALDE 20/05/2016.

No salón de sesións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 9:00 horas do día 20 de maio de 2016, reúnense, previamente convocados ao efecto, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres. Concelleiros:

Dna. María Jesús Novo Gómez

D. Elisardo Montero Castro

D. Rogelio Sueiro Carro

D. Luís Rico Vereá

D. José Luís Rivas Cruz

Dna. Raquel Val Vázquez

Dna. Ana Ledo Fernández

Dna. Sandra Sánchez Iñiguez

D. José Balado Casal

D. Abelardo Seoane Vázquez

Actúa como secretaria da Corporación Dna. Rebeca Vázquez Vázquez.

Declarada aberta a sesión, dáse comezo á mesma, pasando a tratar o asunto incluído na orde do día:

1.- ELECCIÓN ALCALDE

Pola Secretaria, en aplicación do disposto no artigo 40 apartados 4 e 5 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro en relación cos artigos 182 e 197 da LOREG 5/1985 se sinala que queda vacante a Alcaldía por renuncia do seu titular D. Gonzalo Concheiro Coello que renunciou á Alcaldía e o cargo de concelleiro desta Corporación renuncia da que o Pleno municipal tomou coñecemento en data 16/05/2016, procédese e necesaria a constitución dunha Mesa de idade para asumir a Presidencia desta sesión na que se dará toma de posesión previa a novo concelleiro e posterior elección de novo/a Alcalde/sa .

1.A) CONSTITUCIÓN MESA DE IDADE

Constitúese unha Mesa de Idade integrada polos concelleiros de maior e menor idade presentes no acto, actuando como secretario/a o/a que o sexa da Corporación, polo que o concelleiro electo de maior idade, D. Rogelio Sueiro Carro, pasa a presidir a Mesa de Idade acompañado como vogal pola concelleira electa de menor idade, D^a. Sandra Sánchez Iñiguez.

Queda constituída a Mesa de Idade polos concelleiros/as electos/as de maior e menor idade indicados xunto ca Secretaria Interventora da Corporación.

1. B) ELECCIÓN NOVO ALCALDE

Pola Secretaria do Concello, pásase a dar lectura a acta de proclamación de concelleiros electos, formalizada pola Xunta Electoral de Zona de Santiago, con data 29 de maio de 2015, en relación coas eleccións locais do 2015 na circunscrición electoral de Boimorto, e na que se contén:

<<

Número de electores: 1.935

Número de votantes : 1.568

Número de votos a candidaturas : 1.522

Número de votos válidos: 1.549

Número de votos nulos: 19

Número de votos en branco : 27

Número de votos e electos obtidos por cada candidatura:

Candidaturas	Votos obtidos	nº de electos
Partido Popular	687	5
Bloque Nacionalista Galego -Asambleas Abertas	297	2
Partido dos Socialistas de Galicia --PSOE	538	4

De acordo cos resultados expresados neste cadro, proclámase electos ós seguintes candidatos:
..... (Gonzalo Concheiro Coello) renunciou xa o cargo de concelleiro sinala a Secretaria.

D^a. María Jesús Novo Gómez (PP)

D. Elisardo Montero Castro (PP)

D. Rogelio Sueiro Carro (PP)

D. Luis Rico Vereá (PP)

D. José Luis Rivas Cruz (BNG)

D^a. Raquel Val Vázquez (IND) (BNG)

D^a. Ana Ledo Fernández (IND) (PSdeG-PSOE)

D^a. Sandra Sánchez Iñiguez (IND) (PSdeG-PSOE)

D. José Balado Casal (IND) (PSdeG-PSOE) hoxe membro non adscrito sinala a Secretaria

D. Abelardo Seoane Vázquez (IND) (PSdeG-PSOE)

Pola Secretaria dase lectura os artigos 198 e 196 da LOREG:

Artículo 198

En los supuestos distintos a los previstos en los artículos 197 y 197 bis, la vacante en la Alcaldía se resuelve conforme a lo previsto en el artículo 196, considerándose a estos efectos que encabeza la lista en que figuraba el Alcalde el siguiente de la misma, a no ser que renuncie a la candidatura.

Artículo 196

En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

a) Pueden ser candidatos todos los Concejales que encabecen sus correspondientes listas.

b) Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo.

c) Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el Concejel que encabeza la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente Municipio.

En caso de empate se resolverá por sorteo.

A Presidencia da Mesa de idade manda anunciar á Secretaría que seguidamente procederá á elección de novo Alcalde recordando que de conformidade co artigo 196 da LOREG poden sen candidatos os cabezas de lista de cada candidatura (sendo cabeza da lista do PP tras a renuncia de D. Gonzalo Concheiro D^a M^a Jesús Novo Gómez, do PSdG-PSOE Dna. Ana Ledo Fernández e do BNG D. Xosé Luis Rivas) preguntase pòla vogalada mesa de idade se algún deles retira a súa candidatura, non se retira ninguha candidatura.

A continuación a Secretaría indica que serán candidatos a Alcalde do Concello de Boimorto os seguintes concelleiros que encabezan as correspondentes candidaturas:

1.-D^a M^a Jesús Novo Gómez

2.-D^a Ana Ledo Fernández

3.-D. Xosé Luis Rivas Cruz

Seguidamente pola Secretaria do Concello se indica o sistema da votación que en principio se debe seguir para a elección do Alcalde de conformidade co disposto na Lei 7/1985 de Bases do réxime local infórmase pola Secretaria que debe ser VOTACIÓN ORDINARIA xa que o artigo 70.1 desta norma sinala que <<as sesións do Pleno das Corporacións locais son públicas, non obstante poderán ser secretos o debate e votación dos asuntos que poidan afectar o dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 a Constitución (Dereito o honor a intimidade e a propia imaxe) cando así se acorde por maioría absoluta>> non considerando que a elección da Alcaldía afecte a dito dereito sinala a Secretaria que a aplicación do 102.3 do ROF que di que a votación secreta só poderá utilizarse para a elección ou destitución de persoas podendo ser nominativa se o decide o Pleno por maioría simple, informa a Secretaria que buscando unha interpretación da normativa e tendo en conta a xerarquía de fontes do ordenamento xurídico primando lei sobre regulamento, intentando unha interpretación conxunta para utilización da votación secreta debería haber acordo por maioría absoluta do PLENO, en principio a votación é única e ordinaria.

De seguido procédese á votación sendo chamados os/ as concelleiros /as pola orde de acta de proclamación de electos de 2015 para que manifesten abstención ou nome do candidato que votan:

D^a. María Jesús Novo Gómez (PP) vótase a si mesma M^a Jesús Novo Gómez
D. Elisardo Montero Castro (PP) vota a M^a Jesús Novo Gómez
D. Rogelio Sueiro Carro (PP)vota a M^a Jesús Novo Gómez
D. Luis Rico Vereá (PP)vota a M^a Jesús Novo Gómez
D. José Luis Rivas Cruz (BNG)vótase a si mesmo Xosé Luis Rivas Cruz
D^a. Raquel Val Vázquez (IND) (BNG) vota a Xosé Luis Rivas Cruz
D^a. Ana Ledo Fernández (IND) (PSdeG-PSOE) vótase a ela mesma D^a Ana Ledo Fernández
D^a. Sandra Sánchez Iñiguez (IND) (PSdeG-PSOE) Vota a D^a Ana Ledo Fernández
D. José Balado Casal (IND) (PSdeG-PSOE) (hoxe membro non adscrito) vota a M^a Jesús Novo Gómez
D. Abelardo Seoane Vázquez (IND) (PSdeG-PSOE) vota a D^a Ana Ledo Fernández
e efectúase pola Mesa de Idade o recuento do votos emitidos que presenta o seguinte resultado:

NOME DO CANDIDATO VOTOS OBTIDOS

D ^a M ^a Jesús Novo Gómez	5
D ^a Ana Ledo Fernández	3
D. Xosé Luis Rivas Cruz	2

Non habendo obtido ningún candidato a maioría absoluta e comprobándose pola acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona conforme establece o artigo 196.c) da LOREG que a concelleira que encabeza a lista que obtivo máis votos populares e D^a M^a JESUS NOVO GÓMEZ , se lle proclama Alcaldesa, accedendo esta á presidencia do salón de sesións.

A continuación a Secretaria pregunta á Alcaldesa proclamada se acepta o cargo.

A Sra D^a M^a Jesús Novo Gómez responde afirmativamente e manifesta:

“Xuro e prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Boimorto con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

asumindo os deberes e atribucións que legalmente lle corresponden, ocupa a presidencia do Pleno e concede a palabra a D. Xosé Luis Rivas Cruz que manifesta:

“Acabades de perder a oportunidade de devolverlle a este concello a normalidade democrática. A normalidade democrática consiste en deixar sen efecto o acordo, a compra-venda, o trapicheo de votos que fixestes e que se mostrou así de indecente coa dimisión da que non destes explicacións políticas e que teredes que dar, non a min nin a este pleno, senón ó pueblo de Boimorto. Tédelo pendiente.

Pero vouvos recordar soamente unha cousa, un dos artigos do Pacto Antitransfuguista, por iso eu lle sigo a chamar tráfuga a ese señor, e por iso sigo dicindo que sodes indecentes. Di literalmente: *Se entiende por tráfuga a los representantes locales que traicionando a sus compañeros de lista y/o de grupo manteniendo estos últimos su lealtad con la formación política que los presentó en las correspondientes elecciones locales o apartándose...*

Ben...

Quedando claro isto digo que vostedes teñen pendiente devolverlle a normalidade democrática a este concello porque violaron este pacto, cometeron traición, prostituíron a democracia e traficaron coa vontade popular porque trafegaron un dez por cento, case, de votos. Trafegar quere dicir que fixeron coma os malos comerciantes que trafican con morralla e ustedes traficáronos para o seu propio bolsillo, é dicir, o seu propio grupo.

Vostedes non son demócratas, vostedes son antidemócratas, e acaba de demostrarse coa actuación do que presidía este concello, ilexítimamente.

Vostedes levan utilizando, dende a época de Cánovas del Castillo... ¡ onde vai ! levan utilizando un sistema que é o sistema de caciques. O sistema consiste en que eu fago un favor, é dicir, eu quito unha paga, eu dou unha baixa... Eu fago un favor a determinado ciudadano e este ciudadano queda preso, cautivo para toda a vida. Vostedes saben que eso funciona así. E esta democracia funciona así porque vostedes empezárona así. Vostedes carrexaban votos, carrexaban votantes, cambiaban os sobres nos bolsillos. Isto sabémolo e sábeo todo o País, o que pasa é que non di nin pío porque ustedes son os donos.

Van gobernar? Ben, eu deséxolles sorte. Pero se van facer o que fixeron durante sete meses, estamos aviados; este concello non se moveu, e eu simplemente... e xa ven que estou bastante tranquilo, non tomei tila...pero...

Os problemas son outros. Demasiados. Vostedes teñen que incentivar e defender os sectores produtivos e económicos de ámbito local ós que pertencen algúns de vostedes como o leite e a agricultura, as pequenas industrias, autónomos, o comercio...

Vostedes teñen que protexer os sectores de poboación máis débiles: a Residencia está aí necesitado que a visiten algunha vez...O centro de Maiores, o Colexio, o Pai, a Bebeteca, aínda que a metade de vostedes non saben que existe.

Teñen que ordenar e corrixir as inxustizas que hai en canto ós traballadores, o persoal laboral deste concello. "Estamos neso"... Levan dicindo que están neso hai un montón de tempo. É necesario. Hai xente que está cobrando un salario de miseria coas pagas extras porrateadas e están traballando coma leóns. Ustedes en sete meses levan feito máis por destruír o bon rolo entre os traballadores deste concello cá mesma peste. Ustedes son a peste realmente.

Ustedes teñen que impulsar e mellorar servizos, cousa que non están facendo, e a iso refírome cando lles digo que teñen que facer reciclaxe de basura. Teñen que facer plans modernos, difícil para vostedes porque vostedes non son modernos. Vostedes están na época de Cánovas aínda.

Realmente, e é unha pregunta que lles deixo aquí, ¿vostedes sintense capacitados para gobernar? ¿realmente cren que están capacitados?

O tempo demostraránolo pero de todas maneiras a reponsabilidade que teñen vostedes co pobo de Boimorto non a saben ben. E va-las pasar moi duras, non por parte da oposición senón por parte dos teus compañeiros.

¡Vante comer!.””

A Alcaldesa D^a M^a Jesús Novo di que o tempo dirá o que teña que decir e dalle a palabra a D^a Ana Ledo Fernández que sinala:

“”Bueno, eh... nos tamén queríamos explicar e motivar o sentido da nosa votación, dicir que o noso grupo, o grupo PSdeG- Boimorto, non entra nin entrará a facer valoracións sobre a dimisión do xa ex-alcalde Gonzalo Concheiro, nós non somos xuíces nin ditamos sentencias, e sobre todo non calumniamos sen saber as cousas. Quedámonos en que o fixo por motivos persoais, o que nun primeiro momento se transmite a través da prensa escrita. Se ben, efectivamente, pertence o ámbito privado e profesional, e non ó exercicio das súas obrigacións dentro do concello, sí que afecta ó funcionamento do concello, non só polos acontecementos que deron lugar e poder de gobernabilidade do Partido Popular, que todos coñecemos cales foron eses motivos. Senón porque o partido popular presentou un programa electoral e nin tan siquiera iniciaron. Vemos un estancamento no concello, cada día está máis morto ca vivo, e pola inestabilidade que nun primeiro momento se nos acusou de apoiar e que agora vemos que non estamos equivocados. A inestabilidade provócaa o partido e o goberno do Partido Popular. E finalmente dicir que estamos nun concello, polo que en 9 meses pasaron tres alcaldes, isto non é un circo, isto é unha institución que debemos respetar.””

A Alcaldesa permite a intervención da concelleira do BNG D^a Raquel Val que sinala:

“”Gustaríame puntualizar unha cousa, simplemente. Cando se presentou a moción de censura falábase literalmente, nesa moción: “La postura del Partido Popular ha sido muy clara desde el primer minuto, donde ganamos las elecciones gobernamos y donde no las ganamos, ocupamos la oposición”. Pois agora poden ir a preguntar a todos eses alcaldes que desbancaron con mocións de censura, como a que aquí aconteceu, na que o PP tampouco era a lista máis votada, así que, eu remítome o que está aquí escrito e como falamos que o tempo nos dá a razón, aquí nos dá a razón unha vez máis de que o que din é faladuría e mentiras.””

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa se levanta la sesión, sendo as 9:16 horas, do día 20 de maio de 2016 de todo o que como Secretaria dou fe.

V^o. e Pr
A ALCALDESA

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez